

PRAZO DE RESERVA DE PRAZA, PREINSCRICIÓN E MATRÍCULA DE USUARIOS/AS DAS ESCOLAS INFANTIS MUNICIPAIS DE SAN ROQUE, POLÍNGONO DO TAMBRE E TRAS PARLAMENTO. CURSO 2011-2012

1. O prazo para a reserva e renovación de praza, así como para as/os fillas/os das traballadoras/esdas escolas infantís e para os/as irmáns/irmás que renoven praza, será **do 9 ao 21 de marzo**, ambos os dous incluídos.
2. O prazo de preinscrición para novas/os usuarias/os é **do 22 de marzo ao 16 de abril**.

As solicitudes coa documentación requerida presentárase nos enderezos que aparecen no Anexo I, sen prexuízo do disposto no artigo 38.sd4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE núm. 285, do 27 de novembro) modificado pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro (BOE núm. 16, do 19 de xaneiro de BOE núm. 30, do 4 de febreiro), en adiante LRX-PAC.

As persoas que o desexen poderán cubrir a solicitude en liña que como formulario electrónico se atopará na páxina web: www.igualdadebenestar.org. Posteriormente, e antes de que finalicen os prazos sinalados nos apartados 1 e 2 desta resolución, presentarán esa mesma solicitude impresa debidamente asinada e acompañada da correspondente documentación nos citados rexistros.

As listas provisionais de admitidos/as e de agarda publicaranse o **9 de xuño**. O prazo de reclamacións é de 10 días hábiles contados desde o día seguinte ao da súa publicación.

As listas definitivas de admitidos/as e de agarda faranse públicas o **14 de xullo**.

Tanto os listados provisionais como os definitivos publicaranse no taboleiro de anuncios do Concello de Santiago de Compostela, na súa páxina web www.santiagodecompostela.org, das Escolas Infantís, no do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e na súa páxina web www.igualdadebenestar.org

O prazo de matrícula, tanto para os que fixeron reserva e renovación, como para os que fixeron prescrición, será **do 15 ao 29 de xullo**.

Tal e como consta no Regulamento de Réxime Interior das Escolas Infantís, de non formalizar a matrícula no prazo estipulado, decaerá o dereito á praza aínda tendo reserva ou aparecendo na listaxe de admitidos/as.

LUGAR DE PREINSCRICIÓN:

San Roque-Rúa das Rodas, s/n.15704- Tlf.: 981 528 704

Polígono do Tambre- R/ das Mulas, s/n.Polígono do Tambre,15890- Tlf.: 981 528 705

Tras Parlamento-Praza da Constitución, s/n,15702 Tlf.:981 528 706